

PROGRAMA DE ACOLLIDA
CURSO 2020-21

CEIP A ESCARDIA

Contido

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21	3
a) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	4
➤ ENTRADAS	4
➤ SAÍDAS	7
➤ ORGANIZACIÓN DOS PRIMEIROS DÍAS DE CLASE (10 3 11 DE SETEMBRO)	12
➤ ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN	15
➤ TITORÍAS.....	15
b) ACTUACIÓN DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	15
➤ PREVENCIÓN:.....	15
➤ HIXIENE:.....	16
➤ PROTECCIÓN:.....	18
c) ACCIÓN FORMATIVA PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.....	19
d) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.....	21

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**
- b) **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**
- c) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**
- d) **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e presentarao á comunidade educativa mediante a celebración dun Consello Escolar.

a) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O plan de adaptación á situación Covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

O obxectivo principal da organización que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito deste plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.

Esta organización será posta en práctica nas primeiras semanas de curso e, sabedores de antemán do pouco tempo que hai asignado para a entrada de cada grupo, valoraremos o seu funcionamento de cara a realizar posibles reaxustes se se necesitara máis tempo entre curso e curso.

Por iso, recalcamos, este horario podería sufrir reaxustes futuros se non funciona como está plantexado.

E para lograr o correcto funcionamento, entra en xogo o bo proceder de cada un de vós como familias, respectando estritamente os horarios establecidos para cada grupo.

Cada grupo-aula será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**. O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre sí pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre sí obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

No que respecta á organización das **entradas e saídas** (ao longo do curso) do alumnado, destacamos os seguintes puntos:

➤ ENTRADAS

▪ **Normas xerais:**

- O acceso ao recinto escolar farase a través do **portalón principal** que dá á rúa Ramón López Piñeiro.
- O alumnado non poderá acceder ao recinto ata que sexa aberto pola conserxe no momento de entrada da primeira quenda (ás 08:45 h.)
- As familias do alumnado de educación primaria non poderán acceder ao interior do recinto para acompañar aos alumnos/as. Sí as familias de educación infantil

tal e como se explica na organización das entradas deste alumnado.

- Os acompañantes e o alumnado maior de 6 anos deberán acceder con máscara. Aconséllase que o alumnado de educación infantil acceda ao recinto con máscara (será un proceso de aprendizaxe que iremos incrementando progresivamente).
- Para evitar un número innecesario de persoas, cada alumno ou alumna debe vir acompañado só por un adulto.

▪ **Organización das entradas:**

- O alumnado de **educación primaria** será o primeiro en acceder ao centro. Farao directamente dende o portalón principal ata a súa aula, onde estará xa o mestre/a titor/a.
- Haberá profesorado especialista repartido polo percorrido de entrada para axilizar a mesma.
- Os alumnos/as entrarán, pois, polo camiño da cor asignada a cada aula que mostramos na descripción dos camiños (Anexo 1).
- O alumnado deberá chegar puntual á hora establecida para o seu curso, favorecendo así o correcto funcionamento das entradas escalonadas e que non se produzan aglomeracións.

Cando un alumno chegue máis tarde do seu tramo horario de entrada, deberá permanecer no exterior do recinto escolar ata que finalice a entrada de todo o alumnado (ás 09:05 h.) e será notificada a falta de puntualidade á súa familia. Para que estas situacións non sucedan e para que as entradas se realicen correctamente, rógase a todas as familias unha puntualidade moi rigurosa.

- O alumnado de **educación infantil** será o último en acceder, ás 09:05 h. Poderán ser acompañados polos seus familiares ou cuidadores ata o porche, onde se colocarán no espazo reservado para cada clase e serán recollidos polo profesorado titor. As familias non poderán acceder ao corredor nin ás aulas.
- O **alumnado de infantil e primaria que teña irmáns**, accederá acompañado do seu irmán maior na quenda que lle corresponda a este (irmá/án maior). *Por exemplo, se un alumno/a de 4º de primaria ten un irmán en 1º, poderán entrar os dous na quenda do alumno de 4º (entrará ao carón do seu irmán).*

▪ Horarios:

HORA ENTRADA	CURSOS DO CAMIÑO LARANXA	CURSOS DO CAMIÑO AZUL
08:45 h.	4º primaria	6º primaria
08:50 h.	2º primaria	5º A e 5º B primaria
08:55 h.	1º primaria	3º primaria
09:05 h.	6º infantil	5º e 4º infantil

▪ Camiños:

- **Esquerda:** 4º, 2º e 1º de Primaria; 6º de Infantil (5 anos)
- **Dereita:** 6º, 5º e 3º de Primaria; 5º e 4º de Infantil (4 anos e 3 anos)

ANEXO 1



- Camiño de: 4º, 2º, 1º de primaria; 6º infantil
- Camiño de: 6º, 5º e 3º Primaria; 5º e 4º de infantil
- Entrada ao recinto polo portalón da rúa Ramón López Piñeiro

➤ SAÍDAS

- A saída escolar farase do seguinte xeito e polos camiños establecidos para cada curso:
 - **Alumnado de educación primaria:** *polo portalón principal* que dá á rúa Ramón López Piñeiro.
 - **Alumnado de educación infantil:** *polo portal traseiro* que dá á rúa López Ballesteros *e lateral* que dá á rúa Leiras (moi importante respectar estas saídas para o alumnado de cada etapa, pois os familiares do alumnado de infantil non poden atoparse no mesmo camiño que o alumnado de educación primaria e viceversa).


- O profesorado acompañará ao alumnado ata o portalón da rúa Ramón López Piñeiro, no caso de educación primaria, e ata o porche lateral no caso de infantil.
- O profesorado entregará ao alumnado de primaria no final do corredor da entrada do portalón (ver Anexo 2) que dá á rúa Ramón López Piñeiro, de un en un, e o alumnado de 5º e 6º que teña permiso dos seus familiares para ir só á casa, sairá sen acompañante (estos permisos serán enviados a primeira semana).

Permitirase ás familias de primaria acceder na hora da saída á zona de cemento para esperar aos seus fillos/as. *É moi importante que esta zona só sexa utilizada polas familias nas quendas de saída de cada grupo, (cando recollan ao seu fillo/a deberán saír inmediatamente para deixar o espazo libre para a entrega dos seguintes cursos)*

ANEXO 2



 Liña de entrega do alumnado de primaria

 Zona de espera das familias de primaria

▪ Horarios saída de educación primaria:

HORA DE SAÍDA	CURSOS DO CAMIÑO LARANXA	CURSOS DO CAMIÑO AZUL
13:45 h.	4º primaria	6º primaria
13:50 h.	2º primaria	5º primaria
13:55 h.	1º primaria	3º primaria

▪ Horarios saída de educación infantil:

HORA DE SAÍDA	PORCHE LATERAL (rodea o ximnasio)		
	ZONA 1	ZONA 2	ZONA 3
13:35 h.	4º infantil	5º infantil	6º infantil

Plano das zonas de saída de educación infantil



A continuación resumimos outros aspectos de organización a destacar debido á situación actual:

TEMA	MODIFICACIÓN
Horario de entrada	<ul style="list-style-type: none"> - 08:45 h.: 6º e 4º de primaria - 08:50 h.: 5º e 2º de primaria - 08:55 h.: 3º e 1º de primaria - 09:05 h.: 6º Infantil, 5º de infantil e 4º Infantil (durante o mes de setembro, o alumnado de 4º de infantil terá o horario establecido para o período de adaptación).
Horario de saída	<ul style="list-style-type: none"> - 13:35 h.: 4º, 5º e 6º Infantil - 13:45 h.: 6º e 4º - 13:50 h.: 5º e 2º - 13:55 h.: 3º e 1º
Horario de recreo	En 3 quendas por cursos (tanto en educación infantil como en educación primaria) para manter os grupos estables de convivencia.
Espazo de recreo	<p><i>Educación infantil:</i> Dúas zonas (patio de infantil, patio traseiro) que irán rotando nos tres cursos.</p> <p><i>Educación primaria:</i> 4 zonas (pista central, pista de herba, pista cemento, patio de infantil e zona traseira), tamén con rotacións.</p>
Gardas de entrada	O profesorado esperar ao alumnado do seu grupo, que entra directamente á aula. Na entrada do portalón haberá profesorado para supervisar as quendas de entrada, outro no corredor da entrada do patio; un na subida das escaleiras e os titores esperando nas entradas das portas para dar xel hidroalcohólico. A función é supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.
Acompañamento do alumnado	Limitase a un acompañante por alumno/a para evitar aglomeracións.
Titorías	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais, sempre respectando as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.
Biblioteca	O seu uso principal será dinamizador e poderá utilizarse como aula de recursos. Polas tardes non funcionará, para evitar a coincidencia de alumnado de diversas aulas.
Aula de informática	Desaparece como tal para poder repartir os equipos informáticos nas aulas e así disport de máis medios tecnolóxicos de cara a á formación do alumnado no uso da aula virtual.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a un alumno/a, para o que se empregarán sinais visuais de sinalización de uso.
Circulación polo centro	O alumnado deberá utilizar os camiños asignados para a súa aula, tanto de ida como de volta, por non coincidir máis dunha clase simultaneamente.
Actividades interniveles	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso **reunións por nivel coas familias.**

Estas reunións terán lugar no ximnasio do centro baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre asistentes dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre cada reunión haberá un intervalo de entre 15-20 minutos de tempo no que se ventilará o ximnasio.

As **datas e horas** para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
4º, 5º e 6º educación infantil	07/09/2020	12:00 h.
1º e 2º de primaria	07/09/2020	13:00 h.
3º e 4º de primaria	08/09/2020	12:00 h.
5º A, 5º B e 6º de primaria	08/09/2020	13:00 h.

Aquelas familias que non poidan asistir á reunión establecida para o curso do seu fillo/a poderán asistir noutro horario (o contido é o mesmo, só é para asegurar a distancia de seguridade; así mesmo, as familias con máis dun fillo/a, asistirán só a unha).

➤ **ORGANIZACIÓN DOS PRIMEIROS DÍAS DE CLASE (10 3 11 DE SETEMBRO)**

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican moitos cambios (entrada polo portalón todo o alumnado; ruta de acceso á aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula), fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**.

O comezo do curso as entradas ao centro serán escalonadas. Seguindo as instrucións do 31 de agosto faranse en dous días: **xoves 10 e venres 11**.

- **O día 10 asistirán ás escola os seguintes cursos:**

HORARIO ENTRADA XOVES DÍA 10	
HORA	GRUPO
09:00 h.	3º primaria
09:15 h.	4º infantil Horario establecido para o período de adaptación (1ª quenda do período de adaptación)
09:30 h.	2º primaria
09:45 h.	1º primaria
10:00 h.	5º infantil

HORARIO SAÍDA XOVES DÍA 10		
HORA	GRUPO	ZONA SAÍDA
13:40 h. Horario establecido para o período de adaptación (última quenda)	4º infantil	Porche lateral (as familias saen polos portais traseiro que dá á rúa López Ballesteros, e porta lateral)
13:30 h.	5º infantil	
13:50 h.	3º primaria	Portalón (rúa Ramón López Piñeiro)
13:55 h.	2º primaria	

14:00 h.	1º primaria	
----------	-------------	--

- O día 11 asistirán ás escola os seguintes cursos:

HORARIO DE ENTRADA VENRES DÍA 11	
HORA	GRUPO
09:00 h.	6º primaria
09:15 h.	4º infantil Horario establecido para o período de adaptación (1ª quenda do período de adaptación)
09:30 h.	5º primaria
09:45 h.	4º primaria
10:00 h.	6º educación infantil
10:15 h.	3º primaria
10:25h.	2º primaria
10:35 h.	1º primaria
10:45 h.	5º infantil

HORARIO DE SAÍDA VENRES DÍA 11		
HORA	GRUPO	ZONA SAÍDA
13:30 h.	5º infantil	Porche lateral (as familias saen polos portais traseiro e porta lateral)
13:35 h.	6º educación infantil	
13:40 h. Horario establecido para o período de adaptación (última quenda)	4º infantil	
13:45	4º e 6º primaria	Portalón (rúa Ramón López Piñeiro)
13:50	2º e 5º primaria	
13:55	1º e 3º primaria	

▪ **ESPECIFICACIÓN DESTES DOUS PRIMEIROS DÍAS:**

Estos dous días os acompañantes do alumnado de educación primaria (1 acompañante por alumno/a) poderán acceder á zona da entrada de hormigón gardando a distancia de seguridade.

O/A titor/a dos vosos fillos/as xunto coa dirección do centro, recibiravos nesa zona para explicarvos os aspectos máis importantes desta volta á escola.

O alumnado de **4º de educación infantil** manterá o horario establecido no calendario do período de adaptación, polo que a primeira quenda de grupos empeza ás 09:15 h. (ver resto de quendas no citado calendario do período de adaptación).

Rematado este tempo de explicación (uns 10-15 minutos por grupo) cada grupo irá co seu titor/a á aula e accederá o seguinte curso.

O segundo día (11 setembro), accederán en primeiro lugar aqueles cursos que aínda non asistiron o día anterior (agás o alumnado de 4º de infantil que accede no horario do período de adaptación) cun espazo de separación suficiente para explicar como se desenvolven as entradas. O alumnado que xa acudira á escola o día anterior entrará nun franxa horaria máis curta como pode observarse na táboa.

Nestos primeiros días de clase, o alumnado estará co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en colaboración do profesorado especialista, que, pasará polas aulas para colaborar co titor/a.

Os horarios de recreo son os asignados nas zonas e quendas para cada grupo. Poderá flexibilizarse o horario do recreo aumentando no comezo e ao final de cada quenda.

Os primeiros días de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha agenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis, así como a merenda e non olvidarse da máscara.

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán unha parte da xornada lectiva para reforzar ditos aprendizaxes.

➤ **ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN**

As citas para secretaría/dirección/orientación non poderán coincidir coas horas de entrada, saída e recreos para evitar atoparse co alumnado que se despraza polo centro.

Só se atenderá presencialmente con cita previa. Para os trámites administrativos entrega de vales e libros de texto de 3º e 4º de primaria establecerase un horario específico.

Poden solicitala a través do teléfono (886 151860/61).

➤ **TITORÍAS**

Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación telemática, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

De ter que realizar a titoría presencialmente, seguiranse as medidas de seguridade establecidas no plan de adaptación ao Covid.

A solicitude de citas para titorías realizarase, preferiblemente, a través da aplicación Abalar Móbil.

As titorías serán os martes de 18:00 a 19:00 h.

b) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

➤ **PREVENCIÓN:**

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Secuenciar as entradas e saídas do alumnado.
- Establecer as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista unha separación entre o alumnado de 1,5m.
- Evitar situacións de contacto físico.
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (*por exemplo actividades de estimación sobre canto é 1,5 m?*)

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer unha **autoenquisa** clínica antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa Covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa Covid; para elo deberán facer un **test diario** no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.
- Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos, así como exténse unha nova recomendación para o alumnado de educación infantil. O alumnado de educación infantil ten que utilizar máscara obrigatoriamente cando utilice o servizo de transporte.

➤ **HIXIENE:**

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal na quenda da mañá (por

determinar por parte do concello de Vilagarcía de Arousa).

- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces durante a mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas (táboas de control).
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do profesorado e alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras: como poñela, quitala e gardala axeitadamente.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.

Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno/a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que

poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos común.
- Xabazón: nos aseos.
- Panos desbotables ou papel de rolo: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas.

➤ **PROTECCIÓN:**

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado e persoal non docente (coidadora e conserxe, así como para o persoal de limpeza).
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria en todo momento.
- Uso obrigatorio para o alumnado de infantil cando utilice o transporte escolar.
- Uso obrigatorio para toda persoa que acceda ao centro educativo (familias, provedores, persoal do concello, etc.)

- Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible (por exemplo nalgúns sesións de AL...)
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).

- Mamparas:

- Secretaría dispón dunha vidreira para atender aos trámites administrativos.
- Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

c) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se deban retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 4º de primaria) e a **EVA- E-Dixgal** (5º e 6º de primaria).
- **Acceso aos diferentes cursos/áreas** nos que estea matriculado/a (dende infantil ata 6º)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (de infantil a 4º) e da plataforma EVA (5º e 6º)
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual e de EVA.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalar Móbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que

podería interactuar co profesorado.

- **Correo electrónico:** vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.escardia@edu.xunta.gal
- **Teléfono:** 886151860/61.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

ETAPA / NIVEL EDUCATIVO	ACCIÓN A DESENVOLVER	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
Educación infantil	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)	Primeira semana de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder)	Primeira semana de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
1º a 4º de primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mensaxería interna/axenda)	Primeira semana de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Primeira semana de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
2º a 4º de primaria	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
2º e 4º de primaria	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
5º e 6º de primaria	Asignar credenciais da plataforma EVA	Colexio (axenda)	Primeira semana
	Acceder á plataforma EVA e ás distintas áreas	Colexio e casa	Primeira semana
	Acceso a contidos das áreas	Colexio e casa	Primeira semana
	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Primeiro mes de curso

	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Emprego de ferramentas básicas que dispón o ultraportátil edixgal: cámara, escáner, gravación/edición de vídeo, procesador de textos, deseño.	Colexio	Primeiro trimestre
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	Online (casa). Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa.	Primeiro mes de curso

O primeiro mes de curso será para poñer a proba o modelo de ensino mixto en caso de ser novamente necesario en función da evolución da situación sanitaria.

O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos...) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixear as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

d) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican

contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas. O saúdo inicial debe seguir sendo un momento que favoreza a cohesión de grupo, de aí a utilizar outras estratexias de comunicación que o fomenten (cos pés; cun xesto que cada un pode inventar; cos cóbados; dando unha volta...)

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe e poidamos voltar á normalidade.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar

contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro. O D.O. colaborará no deseño de ferramentas para traballar a educación emocional.